


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

30 de abril - 1 de maio do 2022

III SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 ou 82 A Cristo cantamos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Seguimos a celebrar a Pascua con Xesús, e desta vez aparécese á beira do lago para atoparse cos apóstolos. Quere estar con eles, comer e falar con eles.

El continúa a camiñar con nós pero convidanos a sermos nós os que poñamos os medios para facelo presente no medio dos homes e mulleres de hoxe.

A ledicia que quere transmitir a celebración desta Pascua é a de sabérmonos homes e mulleres que seguen a mensaxe de Xesús, dun Deus amor que comparte connosco a ilusión de vivir cara aos outros e de modo especial dos que máis precisan de nós para darlles esperanza e ilusión. Por isto mesmo non queremos pechar os ollos ás duras realidades da vida: non os pechamos a Ucraia e a guerra que nos escandaliza, non os pechamos ao encoro que intentan construír pasando por enriba destas terras e veciños, non os pechamos ao difícil que é ser nai nestes tempos para moitas familias aínda que hoxe celebremos o día da nai.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A nosa vida está chea de escuridades que non nos deixan camiñar alegres e pesan no noso corazón. Para poder ser luz da Pascua de Xesús temos que pedir perdón e comprometermos:*

Monitor/a

- Polas veces que estamos angustiados, perdemos a esperanza e non somos luz

PERDÓANOS, SEÑOR, E DÁNOS A TÚA LUZ

- Polas veces que soamente miramos por nós mesmos e esquecemos aos demais

PERDÓANOS, SEÑOR, E DÁNOS A TÚA LUZ

- Polas veces que non somos capaces de dar amor e cariño a quen o precisa, e pechamos os ollos e as mans a quen espera de nós

PERDÓANOS, SEÑOR, E DÁNOS A TÚA LUZ

Celebrante: *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que se atopan sos e necesitados de amor, a todos nos conceda o Señor a súa luz e nos leve á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo doídos con Ucrania. E facémolo cheos de agradecemento para con todas as nais.*

(Silenzo)

Celebrante:

Deus de eterna misericordia, que se alegre sempre o teu pobo ao verse anovado e rexuvenecido no espírito.

Fai que os que agora nos alegramos por ter recobrada a dignidade de fillos e fillas, poidamos agardar con esperanza certa o día glorioso da resurrección, por Cristo, Noso Señor. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *O texto que hoxe proclamamos do libro dos feitos dos apóstolos vainos amosando que os primeiros cristiáns non esconden a Pascua. A vivencia da fe lévaos ao anuncio de Cristo Resucitado.*

Logo o evanxeo preséntanos o encontro do Resucitado cos apóstolos á beira do lago de Galilea. Atópanse compartindo pan e peixe. escoitemos e sintámonos invitados á Pascua con Cristo.

Leccionario I-C páx 136 **Feit 5, 27-32.40-41** LECTURA

LECTURA DO LIBROS DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela o xefe dos sacerdotes interrogou aos apóstolos:

- Expresamente vos mandamos que non ensinádeses nese nome, e vós enchestes Xerusalén coa vosa doutrina. Vós queredes botar sobre nosoutros o sangue dese home.

Pedro e os apóstolos responderon:

- Cómpre obedecer a Deus antes que aos homes. O Deus de nosos pais resucitou a Xesús, a quen vós matastes colgándoo dun madeiro; pois a este enxalzouno Deus coa súa dereita, facéndoo Xefe e Salvador, a fin de lle outorgar a Israel a conversión e o perdón dos pecados. E nós somos testemuñas destas cousas e tamén o Espírito Santo, que Deus dá aos que o obedecen.

Entón chamaron polos apóstolos, e, despois de os azoutar, ordenáronlles que non falasen no nome de Xesús, e deixáronos ir. Eles saíron de diante do consello moi alegres de resultaren dignos de sufrir por mor do Nome do Señor.

Palabra do Señor

🎵 *nº 8 ou 55 No colo da miña nai* **SALMO**

(*en pé*) *Leccionario I C páx 140 Xn 21, 1-14 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, aparecéuselles outra vez Xesús aos seus discípulos onda o lago de Galilea. Foi deste xeito:

Estaban xuntos Simón Pedro, Tomé, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e máis outros dous discípulos seus. Simón Pedro díxolles:

- Vou pescar.

Eles contestaron:

- Imos nós contigo tamén.

Saíron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de romper o día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús.

Xesús preguntoulles:

- Rapaces, tedes algo que comer?

Eles responderon:

- Non.

Díxolles entón:

- Largade a rede por estribor e atoparedes.

Eles largárona, e xa non podían subila a bordo, de tanto peixe. Daquela, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

- É o Señor.

Entón Simón Pedro, ao escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido -pois estaba espido- e botouse ao mar.

Os outros discípulos chegaron no bote, porque non estaban lonxe de terra senón a menos de cen metros, remolcando o aparello cos peixes.

Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e máis pan.

Xesús díxolles:

- Traede peixes dos que acabades de coller.

Simón Pedro subiu ao bote e arrastrou para terra a rede chea de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou.

Xesús díxolles:

- Vinde comer.


Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle: ti quen es?, sabedores de que era o Señor.

Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou aos seus discípulos resucitado de entre os mortos.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



ACOLLIDA DA AUGA

Celebrante: *Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade de Os Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser exemplo de optimismo e ilusión.*

Celebrante *Agradécémoslle a Deus os dons da vida cos que El nos agasalla, e facémolo dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

Monitor/a

* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeche renacer á vida do evanxeo

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

RENUNCIAMOS AO MAL

Celebrante *Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal.*

Monitor/a

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai infelices e nos pecha no egoísmo?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar contra todo o que nos aparta de Deus e fire aos irmáns e á terra?

Si, estamos dispostos

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non aniñe a cobiza, a agresividade e a envexa?

Si, estamos dispostos

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo
SI CREEMOS

Monitor/a:

Credes en Deus,
Pai e Nai de todos os homes e mulleres,
que nos agarima nas súas mans coidadoras e acolledoras?
SI CREEMOS

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido,
sempre atento para dar unha man
resucitándonos para mellorar e medrar
coidando con responsabilidade a vida cos demais?
SI CREEMOS

Credes no Espírito de Deus,
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,
que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra,
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.
SI CREEMOS

Credes na Igrexa,
unha Igrexa que se fai crible en comunidade,
acolledora, respectuosa e coidadora da terra
e de todos os homes e mulleres
que en Ucraia se sinten inxustamente tratados?
SI CREEMOS

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Irmáns e irmás, invoquemos agora a misericordia de Deus que nos convoca a amar a todos; oremos dicindo
SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN

Monitor/a:

- ✓ Pidamos pola Igrexa, para que non se deixe levar das rutinas, e non teña medo a renovarse na vida do Resucitado. Oremos
- ✓ Pidamos polas persoas que non poden vivir libremente a fe. Oremos
- ✓ Pidamos polas persoas que non se atreven a nada, que se contentan co que hai, e que xa non soñan con nada a mellorar. Oremos
- ✓ Pidamos pola igrexa, para que esta Pascua nos leve a ser comunidade de gozo e esperanza cos que sofren e choran en e por Ucraia. Oremos
- ✓ Pidamos por todas as nais, para que sigan dando exemplo de confianza e amor. Oremos

Celebrante: Señor Xesús, que saibamos recoñecerte na asemblea dos irmáns e irmás, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente.
Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Rezamos xuntos, pedindo ao Pai o don de amar ao xeito do seu Fillo Resucitado. Recemos con sinceridade: NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *A invitación que nos fai Xesús de botar as redes para pescar, é o sentirnos convidados a ofrecer aos demais o mellor de nós mesmos, é poñer o noso esforzo para ir construíndo comunidades libres, sen medo, comprometidas. É facer camiño á paz do Resucitado, unha paz que nos compromete. Sexamos hoxe e sempre homes e mulleres de paz.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valem. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

 **nº 9 ou 58 Acharte presente na vida**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, mira con bondade ao teu pobo; ti que o renovaches con estes misterios pascuais, fainos chegar á gloria da resurrección, por Cristo, noso Señor. Amén

Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición. Amén

Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna. Amén

Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo. Amén

Avisase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

Recordamos que hoxe, e sempre, é bo día para agradecer o bo facer de tantas e tantas nais